



**D. Manuel Mouzo Méndez**

*Presidente*

**D. Jose Ramón Castro Varela**

*Delegado A Coruña*

**D. Juan Ramiro Agra Requeijo**

*Pte. Comité Salmónidos*

**D. Ramón Souto Pérez**

*Tesoureiro*

*Pte. Comité Mar Rocha e Embarcación fondeada*

**D. Alejandro Pérez Trebolle**

*Delegado Lugo*

**D. Manuel Campos Cruces**

*Subdelegado Pontevedra*

*Pte. Comité Mar Costa*

**D. Jose A. L. Pardo Martín**

*Pte. Comité de Xuíces*

**D. Pablo de Andrés Vales**

*Pte. Comité Auga Doce*

**D. Antonio Cortés Araújo**

*Delegado de Ourense*

**D. Juan Manuel Castro Fuentes**

*Secretario*

**ACTA XUNTA DIRECTIVA URXENTE**

As persoas que á marxe se nomean, convocadas de forma urxente, reúnen-se vía telemática o día 10 de maio de 2024, para trataren a seguinte:

**ORDE DO DÍA**

**PUNTO ÚNICO:** Inscripción dun deportista ao Open Salmónidos Mosca Veteranos do vindeiro 17 de maio.

O Presidente abre a xuntanza ás 20,00 horas do día sinalado no encabezamento.

Expón que un deportista que participou nun evento deportivo non autorizado pola Federación Galega de Pesca e Casting, no que ademais de matar troitas se fai exhibición dos exemplares mortos, foi inscrito polo seu club para competir no Open Salmónidos Mosca Veteranos, clasificatorio para o Campionato de España 2025 desta especialidade.

Aludindo ao Acordo de Xunta Directiva do 30 de setembro de 2023, recorda as normativas e regulamentos nos que se fundamentara aquela decisión.

LEI 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Que no seu preámbulo recolle que o deporte constitúe unha actividade de máxima importancia e relevancia nas sociedades modernas. E no seu articulado dinos:

*Artigo 3. Principios reitores.*

*Esta lei ten por principios reitores os seguintes:*

*f) A consecución dunha práctica deportiva integrada nos valores de preservación do medio ambiente e da sustentabilidade e respectuosa con eles.*

*Artigo 4. Principios xerais.*

*No ámbito das súas respectivas competencias, as administracións públicas galegas fomentarán a práctica do deporte conforme os seguintes principios:*

*c) A adecuada utilización do medio natural para a práctica deportiva, e a súa compatibilización coa protección do medio ambiente.*

*g) A promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas e demais entidades con competencia en materia de deporte.*

*Artigo 14. Actividade deportiva no medio natural.*

*1. O respecto ao medio, e especificamente ao medio natural, constitúe un dos obxectivos esenciais das políticas deportivas e do conxunto das administracións públicas galegas.*



*Artigo 31. Concepto de deportista.*

- 1. Son deportistas aquelas persoas que, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, practiquen, individualmente ou en grupo, calquera tipo de actividade deportiva nas condicións establecidas por esta lei, con independencia do carácter e obxecto que persigan.*
- 2. O réxime xurídico e os dereitos e deberes das persoas que practiquen actividade física ou deportiva en calquera das formas previstas nesta lei determínase pola cualificación, pola organización e pola forma de realización delas.*

*Artigo 41. Tipoloxía das entidades deportivas.*

*Teñen a consideración de entidades deportivas galegas os clubs deportivos, as agrupacións deportivas escolares, as seccións deportivas e as federacións deportivas.*

*Artigo 53. Réxime xurídico.*

- 1. As federacións deportivas galegas regularán a súa estrutura interna e o seu funcionamento de acordo cos principios de representación e participación democrática, e rexeranse por esta lei, polas súas normas de desenvolvemento, polos seus propios estatutos e regulamentos e polas demais disposicións que resulten aplicables.*

*Artigo 56. Funcións.*

- 2. As federacións deportivas galegas exercerán como funcións propias as seguintes:*
  - a) A convocatoria das seleccións deportivas da súa modalidade deportiva e a designación dos deportistas que as integren.*
  - e) Elaborar os seus propios regulamentos deportivos.*

*Artigo 58. Órganos de goberno, de representación e de disciplina deportiva.*

- 1. Son órganos de goberno e de representación das federacións deportivas galegas a asemblea xeral e a presidenta ou o presidente. Os estatutos poderán establecer outros órganos complementarios de goberno para asistir a presidencia.*

*Artigo 65. Seleccións deportivas galegas.*

- 2. A convocatoria, preparación e dirección das seleccións deportivas galegas serán competencia das federacións deportivas respectivas, que actuarán de acordo cos principios de obxectividade e mérito deportivo.*

*Estatutos da FGPeC*

*Artigo 19. - Obrigas dos clubs e seccións deportivas.*

- b) Acatar as prescricións contempladas nos presentes Estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos da Federación.*
- d) Cooperar no cumprimento dos fins da Federación.*
- g) Aquelas outras que lle veñan impostas pola lexislación vixente, polos presentes Estatutos, ou polos acordos validamente adoptados polos órganos federativos.*

*Artigo 24. - Deberes dos deportistas.*

- A )Acatar as prescricións contidas nos presentes Estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos federativos.*



- c) Cooperar en todo momento ao cumprimento dos fins da Federación.  
e) Aqueles outros que lle veñan impostos pola lexislación vixente, polos presentes Estatutos, ou polos acordos validamente adoptados polos órganos federativos.

Artigo 57. - A Xunta Directiva.

1. A Xunta Directiva é o órgano colexiado de xestión, representación e administración da Federación. Estará presidida polo Presidente, e integrada polos vocais que este designe libremente.

2. A Xunta Directiva asiste ao Presidente no cumprimento das súas funcións e, en particular, na elaboración do proxecto de orzamentos e das contas anuais da Federación, elaboración da memoria anual de actividades, coordinación das actividades das distintas Delegacións Territoriais, designación de técnicos das Seleccións Deportivas galegas, concesión de honras e recompensas e na adopción de disposicións interpretativas dos Estatutos e Regulamentos Federativos.

4. Serán competencias da Xunta Directiva:

- Colaborar co Presidente na dirección económica, administrativa e deportiva da Federación, na execución dos acordos dos demais órganos colexiados superiores de goberno e representación da mesma.

LEI 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

...

*Pola súa parte, a propia actividade da pesca continental tamén veu sufrindo unha importante evolución ao longo dos anos, ao pasarmos da súa consideración inicial como fonte de alimentación ata a súa concepción actual como actividade recreativa e deportiva, de acordo coa maior concienciación social da necesidade de protexer o ambiente e os recursos naturais que o integran.*

*Todo isto obriga á definición de novas estratexias de xestión que garantan que a súa práctica sexa compatible de cara ás xeracións futuras cun aproveitamento que se sosteña no tempo e coa protección do ambiente.*

*.....establecemento da lexislación básica sobre protección do ambiente (artigo 149.1.22ª e 23ª da Constitución española).*

.....

*Dun xeito explícito, recóllese o dereito a pescar como un dereito que lle corresponde a calquera persoa que cumpra cos requisitos que estableza a lei e a súa normativa de desenvolvemento. Respecto dos principios xerais, actualízase a súa redacción e incorpóranse máis principios, dos que se poden salientar o aproveitamento ordenado e sustentable dos recursos piscícolas do medio acuático continental, o desenvolvemento e o mantemento da biodiversidade autóctona dos ecosistemas acuáticos e das súas poboacións de fauna e flora e mais a igualdade no acceso ao exercicio da pesca, así como o fomento da pesca recreativa e deportiva como ferramenta de desenvolvemento turístico, económico e social no medio rural de Galicia.*



### *Artigo 3. Principios xerais*

*b) O desenvolvemento e o mantemento da biodiversidade autóctona dos ecosistemas acuáticos e das súas poboacións de fauna e flora para contribuír a alcanzar un bo estado ecolóxico dos ecosistemas acuáticos en augas continentais.*

### *Artigo 8. Promoción da pesca continental*

*1. A consellaría competente en materia de pesca continental promoverá un mellor coñecemento por parte da sociedade sobre a actividade da pesca continental, e particularmente sobre os seus aspectos ambientais, sociais e económicos. **Así mesmo, realizará programas de promoción da pesca sen morte.***

Reglamento de competicións da Federación Española de Pesca y Casting.

### *Artículo 16.*

*B) Respeto al Medio.*

*2) Para que el Colectivo de pescadores deportivos pueda contribuir en la sostenibilidad del Medio, se establece reglamentariamente que todas las competiciones de Pesca Continental sean “sin muerte”, con la devolución de todas las piezas vivas al agua y en el mejor estado posible, tras su conteo, pesaje o medición, según la Especialidad o Prueba, salvo que la Normativa de la Comunidad Autónoma establezca alguna salvedad a ese respecto.*

### *Artículo 34.*

*Las Competiciones, Encuentros, Concursos, Certámenes, etc. no oficiales dependiendo del ámbito de celebración requerirán:*

*a) Inter social (Clubes o deportistas de distinta Comunidad Autónoma): Nacional o Internacional autorización de la FEPyC que se cursará a través de la Federación Autonómica. Esta autorización llevará implícita la cumplimentación de la documentación pertinente e implicará la nominación del Juez o Jueces Nacionales.*

*b) Autonómicos, autorización de la Federaciones correspondientes y las particularidades que establezcan estas.*

*Ley Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora del Derecho de Asociación.*

### *Artículo 11. Régimen de las asociaciones.*

*1. El régimen de las asociaciones, en lo que se refiere a su constitución e inscripción, se determinará por lo establecido en la presente Ley Orgánica y en las disposiciones reglamentarias que se dicten en su desarrollo.*

*2. En cuanto a su régimen interno, las asociaciones habrán de ajustar su funcionamiento a lo establecido en sus propios Estatutos, siempre que no estén en contradicción con las normas de la presente Ley Orgánica y con las disposiciones reglamentarias que se dicten para la aplicación de la misma.*

*3. La Asamblea General es el órgano supremo de gobierno de la asociación, integrado por los asociados, que adopta sus acuerdos por el principio mayoritario o de democracia interna y deberá reunirse, al menos, una vez al año.*



4. Existirá un órgano de representación que gestione y represente los intereses de la asociación, de acuerdo con las disposiciones y directivas de la Asamblea General. Sólo podrán formar parte del órgano de representación los asociados.

*Artículo 22. Deberes de los asociados.*

*Son deberes de los asociados:*

- a) Compartir las finalidades de la asociación y colaborar para la consecución de las mismas.*
- b) Pagar las cuotas, derramas y otras aportaciones que, con arreglo a los Estatutos, puedan corresponder a cada socio.*
- c) Cumplir el resto de obligaciones que resulten de las disposiciones estatutarias.*
- d) Acatar y cumplir los acuerdos válidamente adoptados por los órganos de gobierno y representación de la asociación.*

Constitución Española.

*Artículo 45*

- 1. Todos tienen el derecho a disfrutar de un medio ambiente adecuado para el desarrollo de la persona, así como el deber de conservarlo.*
- 2. Los poderes públicos velarán por la utilización racional de todos los recursos naturales, con el fin de proteger y mejorar la calidad de la vida y defender y restaurar el medio ambiente, apoyándose en la indispensable solidaridad colectiva.*

A maior afondamento neste asunto concreto, en Asemblea Xeral do sábado 27 de novembro do 2021 foi aprobado o Código de Ética Deportiva da FGPEC, que entre outras cousas impón "...a soa participación en actividades deportivas organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, ou por calquera das entidades deportivas que a integran, impón unha actuación decidida a prol do medio ambiente..."

Por todo o que precede, a Xunta Directiva da Federación Galega de Pesca e Casting adoptou por unanimidade o seguinte

### **ACORDO**

Non aceptar a inscrición do deportista que participou nese evento deportivo, non autorizado pola FGPEC, no vindeiro Open Salmónidos Mosca Veteranos do 17 de maio.

Que o delegado territorial da Coruña lle comunique ao club o acordo, con indicación do deportista do que se trata.

Non habendo máis asuntos a tratar dáse por rematada a reunión ás 20,20 h. Eu coma secretario dou fe.

O Secretario  
Juan Manuel Castro Fuentes

O Presidente  
Manuel Mouzo Méndez